



## UNIDADE 5

# Iso non se fai

Pídalles aos estudantes que abran o libro na páxina 41 e que describan a imaxe. Pode axudalos con preguntas do tip: **Que cousas aparecen? Onde credes que están? Quen credes que puxo a botella aí?** As posibles respostas poderían ser, respectivamente, **pedras, area e unha botella; na praia; algún bañista ou persoas que fixesen unha festa.**

A continuación, pregúntelles: **Que relación hai entre a imaxe e o título da unidade “Iso non se fai”?** Espere a que cheguen a conclusións do tipo: **a imaxe mostra o resultado dunha actitude ou comportamento que está prohibido ou que é contrario aos comportamentos cívicos.**

Por último, informe brevemente os seus alumnos dos obxectivos da unidade e da súa tarefa final: van establecer as normas da clase.



### 1. ALDEA OU CIDADE?

**Analizar unha serie de afirmacións e decidir cales fixo unha persoa da zona rural e cales pertencen a alguén do mundo urbano. Reflexionar sobre as diferenzas nos hábitos e nos costumes entre a xente do campo e a da cidade.**

#### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os estudantes van achegarse a conceptos moi patrimoniais como “día do patrón”, “tomar o vermú”, “verbena”, “comisión de festas...”. Se vostede traballa cun alumnado estranxeiro, asegúrese de que non soamente entenda o significado destes termos como unha tradución, senón que tamén alcance a comprender a importancia e o valor que estes conceptos teñen para os galegos tanto do campo coma da cidade.

#### ANTES DE COMEZAR

Para un maior aproveitamento e comprensión dos textos desta actividade, comprobe previamente o dominio do vocabulario que teñen os seus alumnos en relación co tema que van tratar.

Indíquelles que abran o libro na páxina 42 e que reparen nas dúas fotografías. Seguramente non terán dificultades en describilas como unha imaxe do medio rural e outra da cidade. Logo pídalles que, en parellas ou en grupos de tres, escriban o maior número de palabras que coñezan relacionadas con cada un destes lugares.

Concédalles uns minutos para que o fagan e propónalles unha posta en común. Escriba no encerado as palabras menos frecuentes ou as que provoquen estrañeza entre os estudantes ou entre parte deles. Se, cando esgote o léxico que apuntaron, a mostra lle parece insuficiente, poderá aumentala e engadir á listaxe do encerado outros termos que considere importantes.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Preséntelles agora a actividade e preguntélles se cren que os costumes da xente que vive na aldea son moi distintos aos da xente da cidade. Despois de escoitar o seu punto de vista, dígalles que van ler algunhas frases que describen certos hábitos e costumes dalgunhas persoas. Deberán lelas individualmente e decidir se a persoa que fixo cada unha é do campo ou da cidade.

Logo duns minutos, permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro e, ao final, faga unha posta en común, tendo en conta que algunhas aseveracións poden valer para ambos os casos.

**B.** Como na epígrafe anterior xa faláron sobre as diferenzas entre a xente que vive nas distintas zonas, anímeos a comentaren en parellas os seus costumes relacionados cos temas abordados nas afirmacións, a partir das preguntas: **Tes hábitos semellantes a estes? Cales?**

Se o prefire, pode propoñerlles unha actividade máis guiada e pedirles que falen dos seus hábitos en relación con determinados temas e que os comparen cos do compañeiro. Nese caso, suxerímoslle que escriba no encerado, en formato de listaxe, os seguintes ítems: **períodos de vacacións, día do patrón, práctica de deportes, relación cos veciños e cos compañeiros de traballo/clase, transporte que usa para desprazarse habitualmente, participación na vida comunitaria...**

Lembre recordarlles aos estudantes as estruturas comparativas do galego antes de que comecen a desenvolver a tarefa. Se lle parece necesario, pode escribilas no encerado. A seguir, concédalles algúns minutos para que discutan e, ao final, pídalles a cada parella que lles conte aos demais compañeiros os hábitos ou preferencias que teñen en común, respecto dos devanditos temas, e cales non.

**C.** Se ten alumnos de distintas nacionalidades, interésese por coñecer as diferenzas que hai no seu lugar de orixe entre o mundo rural e o urbano. Asemade, anímeos a compararen algúns dos seus costumes cos dos galegos que coñezan ou a partir do contido das afirmacións do punto A. Aproveite para familiarizalos con algúns costumes específicos da sociedade galega.

### 2. ESTAMOS DE FESTA

**Ler o testemuño de tres persoas sobre o que fan nunha determinada festa e decidir a que celebración se refiren en cada caso.**

#### OBSERVACIÓNS PREVIAS

A noite de San Xoán é unha festividade moi antiga que se celebra en distintas partes do mundo para conmemorar o solsticio de verán. Segundo a tradición galega, nesa noite máxica o mundo do máis alá comunícase co de máis acá, propiciando así o momento idóneo para espantar os malos espíritos. Pasada a media noite do día 23 de xuño, as fogueiras acéndense en toda a costa de Galicia e tamén en moitas poboacións do interior, onde non faltan os cachelos e as sardiñas asadas, acompañadas de viño e pan de bola.

O Entroido é unha festa popular cuxa orixe indica a fin do inverno e o comezo da primavera. Nel conflúen rituais cristiáns e pagáns, e nesa época as persoas aproveitan para romper un pouco as normas: disfrázanse e, a miúdo, organizan charangas de carácter satírico sobre temas socias da actualidade. É, sen dúbida, a festa máis irreverente do calendario galego.

A Fin de Ano ou Noitevella celébrase en moitas partes do mundo e as tradicións que a acompañan son innumerables. En Galicia, faise unha cea familiar que remata coa toma das doce uvas, coincidindo coas badaladas da media noite. Logo, a maioría da xente nova marcha a celebralo cos seus amigos e só volve á casa cando abre o primeiro día do novo ano. É tamén

costume almorzar ese día o tradicional chocolate con churros. Nos últimos anos púxose de moda tomar as uvas ao son das badaladas da catedral de Santiago de Compostela, onde se premia aos asistentes cunha espectacular queima de fogos artificiais que lle dá a benvida ao Aninovo.

#### ANTES DE COMEZAR

Aínda co libro pechado, pregúntelles aos seus alumnos: **Sabedes que festas hai en Galicia? Como se celebran?** Interésese polas súas respostas e apunte no encerado as festividades que mencionen. Se non mencionan a da **Noite de San Xoán**, a de **Fin de Ano** e a do **Entroido**, engádaas vostede.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Coméntelles aos estudantes que van ler tres textos e que cada un reflicte o testemuño dunha persoa sobre como celebra unha festa. Logo de deles, deberán relacionar cada testemuño (**1, 2 e 3**) coa correspondente festividade (**San Xoán, Fin de Ano e Entroido**). Indíquelles que desenvolvan a actividade individualmente e, a seguir, faga unha posta en común.

**B.** Pregúntelles agora se estas festas se celebran do mesmo xeito no lugar onde viven. Tendo en conta que se trata de festividades coñecidas en moitos países, pode haber un intercambio de ideas e informacións moi interesante. Ademais, ánimoos a comentaren en parellas o que adoitan facer nalgunha celebración distinta ou típica da súa localidade. Déalles algúns minutos e, a continuación, convídeos a que compartan as informacións entre todos nun gran círculo, no que cada un vai relatar o que dixo o seu compañeiro sobre o tema.

#### E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese polas festas que se presentan nesta actividade, pregúntelles que saben sobre a súa orixe e en que outros lugares se celebran. Se lle parece conveniente, comece vostede falando da festividade de San Xoán, para o que lle será de utilidade a información que se ofrece en “Observacións previas”, aínda que a pode ampliar, segundo lle pareza pertinente. Logo, como actividade para realizar fóra da clase, ánimoos a que investiguen un pouco sobre a orixe das outras dúas festas (Entroido e Fin de Ano) ou sobre outra celebración popular que lles guste. Pode dividilos en grupos, segundo a preferencia da festividade, e propoñerlles que, na próxima clase, fagan unha posta en común.

### 3. PROHIBIDO FUMAR

**Ler uns carteis e facer hipóteses sobre onde poderían atoparse. Relacionar uns sinais co seu significado.**

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Móstrelles aos estudantes os carteis que figuran nesta epígrafe e pídalles que comenten cun compañeiro onde

cren que se poden atopar. Déalles tempo para facelo e faga unha rápida posta en común.

#### Solución (suxestión)

1. Nun hospital, no cine, na escola.
2. Nun teatro, nun concerto.
3. Nunha empresa.
4. Nunha biblioteca, nun hospital, nunha igrexa.
5. Nun xardín, nun parque, nunha praza pública.
6. Nunha igrexa, na clase.
7. Nunha tenda, nun restaurante.
8. Nun hospital, nun asilo.
9. Nunha tenda, nun supermercado, nunha oficina de cobranza.
10. Nun edificio en construción.
11. Nun bar, nunha tenda de licores.
12. Nun avión.

**B.** Indíquelles que agora van ver uns sinais e, máis abaixo, unhas frases que explican o seu significado e pídalles que os relacionen. Logo, ánimoos a compararen as súas respostas coas dun compañeiro, antes de realizar unha corrección entre todos.

#### Solución

A-6, B-7, C-4, D-8, E-3, F-2, G-1, H-5.

**C.** Pídalles aos seus alumnos que tenten lembrar algúns sinais pouco comúns ou curiosos que viron algunha vez (se o prefiren, poderán inventalos). Convídeos a que os debuxen no encerado para que os seus compañeiros poidan adiviñar o seu significado.

Se mostran reparos á hora de saíren ao encerado, comece vostede, debuxando, por exemplo, un radiocasete riscado. Pregúntelles polo significado do seu debuxo e, despois de obter a resposta, anime algún alumno a repetir a operación.

#### E DESPOIS

Suxíralles aos estudantes que pensen en tres sinais de prohibición que colgarían na porta do seu cuarto. Pídalles que llas presenten ao resto da clase e que xustifiquen por que as escolleron.

#### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 97, exercicio 2.



### 4. NO TRABAJO

**Ler unha serie de frases sobre o ámbito laboral en Galicia e decidir cales son verdadeiras. Escribir outros enunciados relacionados co tema e ordenar unha listaxe de cuantificadores.**

## ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado as palabras **salario, empregado, empresa e pagamentos extras**. A seguir, pregúntelles aos estudantes que teñen en común (todas pertencen ao ámbito laboral). No caso de que non coñezan algunha das palabras anteriores, aclare o seu significado.

## PROCEDEMENTOS

**A.** Explíquelles aos seus alumnos que van ler unha lista de dez frases sobre o mundo do traballo en Galicia. Pídalles que, en parellas, marquen aquelas que consideren verdadeiras. Déalles tempo para facelo e realice logo unha posta en común.

### Solución

1. Verdadeiro. Establéceo a lei.
2. Verdadeiro. Trátase dun costume social.
3. Falso. Polo xeral, o soldo é mensual.
4. Verdadeiro. Non obstante, hai empresas que optan pola fórmula de repartir esas pagas extraordinarias dentro do salario dos doce meses.
5. Verdadeiro. Establéceo a lei.
6. Falso. En Galicia, as empresas están obrigadas a cotizaren á Seguridade Social, que xa ofrece atención médica. Os servizos médicos privados contrátanse individualmente.
7. Verdadeiro. Pero basicamente as empresas de actividades comerciais.
8. Falso. Agosto segue sendo o mes de vacacións por excelencia, polo que marcha moita xente e a maioría das empresas pecha.
9. Falso. Só nalgunhas empresas o persoal ten un descanso á media mañá. É o caso, por exemplo, das fábricas ou das institucións públicas, pero non de todas.
10. Falso. Só algunhas grandes empresas contan con ese tipo de servizo.

Antes de pasar ao seguinte ítem, recomendámoslle que remita os seus alumnos á epígrafe “Cuantificadores” da sección de gramática, na páxina 45. Así mesmo, retome as frases 2 e 7 do punto A, para exemplificar e para lles explicar o funcionamento do verbo **adoitar**.

**B.** A continuación, pídalles que, individualmente, pensen na súa propia experiencia ou na de persoas que coñecen e que escriban cinco frases sobre o mundo laboral, empregando algunha das expresións resaltadas. Para darlle unha orientación lúdica á actividade, dígalles que non todas as frases teñen que presentar unha información verdadeira.

Concédalles uns minutos e, a seguir, convide a cada estudante a que lea en voz alta as súas frases. O resto da clase vai intentar detectar as que son verdadeiras e as que non.

**C.** Pídalles agora que traten de ordenar as expresións que aparecen nesta epígrafe de máis a menos. Anímeos a que o fagan sen consultar a sección de gramática.

### Solución

*Todas as empresas.  
A maioría das empresas.  
Case todas as empresas.  
Moitas empresas.  
Algunhas empresas.  
Poucas empresas.  
Case ningunha empresa.  
Ningunha empresa.*

## E DESPOIS

Se lle parece conveniente, fotocopie e entréguelles aos seus alumnos o cadro da **ficha 18**, na que se propón unha análise do número de estudantes que utilizan Internet para a realización dalgunhas tarefas. Pídalles que, en parellas, circulen pola clase para saber o uso da rede que fan os compañeiros de clase e que, logo de sacaren as súas conclusións, redacten os resultados empregando os cuantificadores que acaban de aprender.

Despois de facer unha posta en común, se ve que o tema lle interesa á clase, estimule unha breve charla sobre o uso de Internet na actualidade.

## MÁIS EXERCICIOS

Páxina 98, exercicio 4.

## 5. NO INSTITUTO

**Escoitar unha conversa e completar a información dun cadro. Falar do que está permitido e prohibido nos institutos.**

### ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos estudantes que traten de lembrar como era a escola na que estudaron cando eran pequenos. Pregúntelles que cousas estaban prohibidas ou eran obrigatorias. Se lle parece necesario, comece vostede dando o exemplo: **Cando eu era pequeno/a, na miña escola non estaba permitido comer goma de mascar na clase.**

### PROCEDEMENTOS

**A.** Informe os seus alumnos de que van escoitar unha conversa na que Lula, unha rapaza de 14 anos, lle conta a un adulto as cousas que están permitidas, as que están prohibidas e as que son obrigatorias no seu novo instituto. Déalles uns minutos para leren as frases do cadro e pídalles que marquen a columna correspondente en cada caso. Antes de darlles a solución, deixe que comparen as súas respostas coas dun compañeiro.

### Solución

*Está prohibido: chegar tarde, comer goma de mascar, ter o móbil conectado, usar a calculadora na clase de matemáticas.*

*Está permitido: consultar o dicionario na clase de inglés, atuar o profesor.*

*É obrigatorio: levar uniforme.*

Recomendámoslle que, despois da fase de corrección, remita os seus alumnos ás epígrafes da sección de gramática “Expresar prohibición” e “Expresar obrigatoriedade”, na páxina 45, e que lles presente as diferentes estruturas.

**B.** A modo de comprobación, pídalles aos estudantes que, en pequenos grupos, expliquen as cousas que están prohibidas nas escolas ou institutos do lugar no que viven, así como as que están permitidas e as que son obrigatorias.

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 97, exercicio 1.

Páxina 99, exercicio 7.

Páxina 100, exercicio 8.

## 6. COSTUMES

**Mostrar acordo ou desacordo cunha serie de hábitos dos galegos e comparalos cos do seu lugar de orixe.**

### ANTES DE COMEZAR

Escriba a seguinte frase no encerado: **En Galicia, é normal almorzar pouco na casa (un café con leite e un par de galletas, por exemplo) e logo, á media mañá, moita xente volve almorzar nun bar.** Deseguida, pregúntelles aos estudantes: **Estades de acordo con esta afirmación? Vós facedes así?** Se traballa cun alumnado estranxeiro, pregúntelles: **Como é no voso país?** Interésese logo polas súas respostas.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Coméntelles que van ler unhas frases sobre algunhas cousas que se consideran normais en Galicia. Se son galegos, dígalles que comenten cun compañeiro se están de acordo ou non con cada información. Se, pola contra, son estranxeiros, propóñalles que fagan unha comparación entre a práctica deses hábitos en Galicia e no seu lugar de orixe. En ambos os casos, indíquelles que no cadro de axuda aparecen algunhas expresións que se empregan para falar de hábitos.

**B.** Agora, volva ás frases do punto A e pídalles aos seus alumnos que se fixen no modo verbal que acompaña as expresións: **é normal, é habitual, é raro** etc.

### Solución

*Infinitivo.*

Se o considera necesario, remítaos á sección de gramática, na páxina 21, e repase con eles a epígrafe “Falar de hábitos”.

Para rematar, refírase ás estruturas que se utilizan para expresar impersonalidade. Recórdelles que a impersonalidade serve para facer referencia a hábitos ou costumes que afectan a todo un colectivo e tamén para expresar unha regra ou unha norma. Non esqueza matizar as diferentes maneiras de expresala. Para

iso, pode escribir no encerado as seguintes frases, subliñando as partes en grosa:

En Galicia, **a xente adoita comer** bastante tarde.

En Galicia, **adóitase comer** bastante tarde.

En Galicia, **comen** bastante tarde.

### E DESPOIS

Déalle unha copia do cadro da **ficha 19** a cada estudante. A seguir, pídalles que lean as frases e que, entre todos, traten de dicir de que país ou países se podería tratar en cada caso.

Logo, propóñalles que, en parellas, completen o cadro con outros hábitos ou costumes que coñezan de diferentes países. Déalles o tempo necesario para facelo e, despois, pídalles que lles lean as súas frases aos demais compañeiros, que terán que adiviñar a que lugar ou lugares se refiren.

Se o prefire, pódelles pedir que, como tarefa para a casa, fagan unha consulta en Internet e que traian o cadro completo na clase seguinte, cando se pechará a actividade.

### Solución

1. *Italia.*
2. *Xapón, China, Corea.*
3. *Estados Unidos, Australia, Gran Bretaña.*

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 98, exercicio 5.

Páxina 100, exercicio 9.



## 7. BOS ESTUDANTES?

**Completar un cadro a partir dunha serie de preguntas e analizar as respostas da clase.**

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se se consideran un grupo de bos estudantes. A seguir, pídalles que lean o cadro da actividade e que escriban os nomes dos compañeiros que cren que van contestar afirmativamente cada unha das preguntas.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Explíquelles aos estudantes que vostede vai formular en voz alta unha serie de preguntas para saber se realmente son bos alumnos. Os aspectos aos que se referirán as preguntas figuran no cadro que acompaña a actividade, aínda que pode engadir vostede outros que considere convenientes. Aqueles estudantes que contesten afirmativamente as preguntas deberán levantar o brazo. Logo, entre todos, contarán o número

de brazos levantados (respostas afirmativas) e anotarano no cadro.

**B.** A continuación, agrupe os seus alumnos en parellas e pídalles que, a partir dos resultados obtidos, redacten as conclusións. Sinale a presenza do cadro de cuantificadores, que lles axudará a elaborar as súas producións.

Concédalles uns minutos para facelo e comprobe as súas respostas nunha posta en común. Para pechar a actividade, pregúntelles se o que reflicten as conclusións coincide coa idea que tiñan inicialmente sobre o grupo.

## 8. ONDE CEAMOS?

**Escoller un restaurante para ir cear.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

A mecánica desta actividade propón un proceso de negociación que se leva a cabo entre os alumnos. Se ten un grupo con poucos estudantes, talvez sería máis conveniente que a desenvolvesen entre todos, no canto de separalos en grupos.

### ANTES DE COMEZAR

Escriba o nome dos catro restaurantes no encerado: **Azafrán, Natural, A Bodega e O Barquiño.** A continuación, pregúntelles aos estudantes que tipo de restaurante cren que é cada un deles. Permítalles que formulen as súas hipóteses en grupos de tres ou catro e, a continuación, faga unha posta en común.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Convídeos agora a leren as recensións dos catro restaurantes anteriores e a que comproben se as súas hipóteses eran acertadas. Ademais, pídalles que, individualmente, escollan o que máis lles guste para ir cear esta noite con dous ou tres dos seus compañeiros de clase.

**B.** A seguir, en grupos de tres ou catro, infórmeos de que terán que poñerse de acordo en canto á escolla do restaurante ao que van cear. Antes de abriren as negociacións, suxíralles que baseen os seus argumentos no que se pode ou non facer en cada un dos catro lugares. Déixelles tempo abondo para facelo e, cando rematen, faga unha posta en común, na que cada grupo debe dicir o restaurante que escolleu e xustificalo.

**C.** Para que o desenvolvemento deste ítem non lles resulte repetitivo, xa que é moi similar ao anterior, suxerímoslle que o fagan entre todos. Pregúntelles se na zona na que viven hai algún restaurante interesante ou peculiar e pídalles que o describan brevemente. Vaia facendo no encerado unha relación dos restaurantes coas súas principais características. Logo, propónalles que, entre todos, escollan o restaurante no que lles gustaría facer, por exemplo, unha cea

de confraternidade do grupo. Poden facelo a modo de debate, no que cada un diga a súa preferencia e a argumente. Ao final, axude a que cheguen a un consenso e recolla os votos para cada restaurante no encerado.

Se o prefire, pódelles propoñer que creen, en pequenos grupos, o seu propio restaurante. Para iso, entréguelles unha fotocopia da **ficha 20** e pídalles que a completen con información referente a: tipo de comida que servirán, horario de funcionamento, perfil da clientela, formas de pago admitidas, cousas permitidas, prohibidas ou obrigadas e, por suposto, o nome do local. Logo, procederase á escolla do mesmo xeito que suxerimos no parágrafo anterior.

## 9. DE VISITA POR GALICIA

**Formular hipóteses sobre unhas festas populares galegas. Escribir un informe sobre outras festas que coñezan.**

### ANTES DE COMEZAR

Lea en voz alta o título da actividade e pídalles aos seus alumnos que se fixen no debuxo. Asegúrese de que todos entendan o concepto **extraterrestre** e, se lle parece oportuno, aproveite para preguntarlles se recordan o nome dalgún ente similar pertencente ao mundo do cine.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Preséntelles a 4D-2, un extraterrestre que está traballando nunha expedición que ten como obxectivo recoller información sobre os habitantes da terra. Neses momentos, 4D-2 está pasando unha tempada en Galicia e escribiu un informe sobre tres festas populares que se celebran anualmente. Pídalles que lean os textos individualmente e que tenten descubrir de que festas se trata.

Déalles o tempo necesario e, a continuación, convídeos a contrastaren as súas hipóteses en parellas ou en grupos de tres, antes de facer unha posta en común.

### Solución

1. *Entroido de Laza.*
2. *Festa Viquinga de Catoira.*
3. *Festa do Boi de Allariz.*

**B.** Agora, propónalles aos seus alumnos que, seguindo o estilo de 4D-2, escriban un informe sobre outra festa popular galega que coñezan. Se os seus estudantes non son galegos, anímeos a que describan unha festa típica ou tradicional do seu lugar de orixe. Recórdelles que deben empregar as estruturas impersoais naquelas frases que carecen dun suxeito concreto ou que se refiren a todo un colectivo.

Ao remataren, pídalle a cada estudante que lea o seu informe en voz alta. Mentres tanto, o resto da clase

tratará de adiviñar de que festa se trata, para o que tamén poderán facer as preguntas que queiran.

## 10. ESTILOS DE VIDA

**Facerlle un cuestionario a un compañeiro.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os estudantes falarán sobre certos hábitos ou costumes da súa casa. Se observa que algún alumno prefire non dar informacións respecto da súa vida familiar, anímelo a facelo con datos irrealis.

Aínda que a actividade se leve a cabo en parellas, recomendámoslle que realice unha posta en común ao final, para que se comenten os aspectos que lles parecen máis rechamantes ou chocantes, principalmente no caso de que haxa persoas de distintas culturas.

### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Credes que na vosa casa se segue un estilo de vida representativo do lugar onde vivides?** Anímelos a falaren e a crearen un clima distendido para que se sintan cómodos ao realizar a actividade. En último caso, avalíe vostede a adecuación da actividade, tendo en conta o contexto cultural do grupo.

### PROCEDEMENTOS

Pídalles aos estudantes que lean o contido do cadro. Logo, indíquelles que, en parellas, transformen as frases en preguntas, como na mostra de lingua, e que anoten as respostas do seu compañeiro. Logo duns minutos, repáseo nunha posta en común, segundo lle suxerimos en “Observacións previas”.

### E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pídalles que tomen notas das conclusións ás que cheguen sobre as cuestións que acaban de traballar e que, na casa, elaboren un breve texto respecto dos costumes do lugar no que viven. Na seguinte sesión, recóllaos e corríxaos.

## 11. AS NORMAS DA CLASE

**Elaborar as dez normas da clase.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade os estudantes terán que levar a cabo diferentes procesos de negociación, ata que logren chegar a un acordo global. Recórdelles que os devanditos procesos son tan importantes coma o resultado final da actividade.

Sería interesante que levase á clase materiais de apoio (cartolina, rotuladores...), para que os seus alumnos poidan colgar na parede as normas que decidan entre todos.

### ANTES DE COMEZAR

Propóñalles aos estudantes que, en parellas, pensen nos temas que se poden tratar cando se fala das normas dunha clase.

Déalles uns minutos para que poidan elaborar unha pequena listaxe e, logo, pídalles que expoñan as súas suxestións. Anote no encerado o que digan, ata que se complete unha relación ampla de temas ou categorías coas que poderán traballar despois. Intente que aparezan polo menos algunhas das propostas do libro: **a puntualidade, os deberes, a asistencia, a comida, os descansos...**

### PROCEDEMENTOS

**A.** Indíquelles aos seus alumnos que, mantendo as mesmas parellas, redacten as dez normas que lles parezan máis importantes para toda a clase. Faga referencia aos aspectos que figuran na mostra de lingua, así como á listaxe dos temas escritos no encerado.

**B.** A continuación, divida os estudantes en dous grandes grupos e infórmeos de que, a partir das diferentes propostas confeccionadas polas parellas, deberán escoller as dez mellores normas, segundo a opinión da maioría.

Concédalles o tempo necesario para facelo e, logo, permítalle a cada grupo que presente a súa proposta. Deseguida, pídalles que, finalmente, escollan as dez normas definitivas para toda a clase.

Cando cheguen a un acordo, proporciónelles material para que poidan confeccionar un cartel e colgalo nunha das paredes da aula.



## 12. O QUE MÁIS ME GUSTA DO MEU TRABALLO

**Ler o testemuño de tres persoas sobre o que máis e o que menos lles gusta dos seus traballos. Falar de persoas con ocupacións semellantes e das diferenzas laborais, segundo as distintas localidades.**

### PROCEDEMENTOS

**A.** Dígalles aos seus alumnos que as tres persoas que aparecen nas fotos (Arturo, Roberto e Elisa) nos contan o que máis e o que menos lles gusta do seu traballo. Pídalles que lean atentamente os seus testemuños e que traten de determinar a que se dedica cada un deles. Logo, pregúntelles en que se basearon para sabelo.

# Iso non se fai

## **Solución**

Arturo: *vendedor/representante comercial.*

Roberto: *profesor.*

Elisa: *dependenta nunha tenda de roupa.*

**B.** Agora pídalles que comparen as condicións laborais destas tres ocupacións en Galicia coas que hai noutros lugares que coñezan. Se non son galegos, suxíralles que contrasten estas situacións coas dos mesmos traballadores do seu lugar de orixe. Para rematar, propóñalles unha posta en común, para estimular o intercambio de opinións.

## **E DESPOIS**

En parellas, pídalles aos estudantes que se entrevisten, para comprobar que é o que máis e o que menos lles gusta do seu traballo. No caso dos que non traballan fóra, a entrevista poderá centrarse nos estudos ou en calquera outra actividade que realicen de maneira cotiá: o coidado dos fillos ou da casa, a colaboración con algunha asociación etc.

A continuación, terán que poñer a información por escrito e entregarlla a vostede. Suxerímoslle que leve a cabo unha corrección dos textos e que llelos devolva no próximo día de clase.